



Bando co gallo do

# Día da Reconquista

Benqueridas veciñas e benqueridos veciños: este 28 de marzo cumpre 207 anos da expulsión dos franceses da nosa cidade.

Centos de vigueses e viguesas alzáronse contra o exército de Napoleón que tiña invadida esta nosa vila mariñeira.

Os pobos nunca admiten a imposición pola forza de novas ideas e novos gobernantes áinda que os ideais que se defendan poidan ser teoricamente más xustos.

Vigo ergueuse en 1809 contra quen quería impoñer pola forza das armas un novo poder político e foráneo.

Vigo defendeu o seu dereito a ser libre para escribir o seu destino.

Dende entón ata aquí, foron moitas as ocasións nas que tivemos que erguer a nosa voz para defender os nosos dereitos, para defender o futuro dunha cidade que sabe da súa afouteza e reclama o seu lugar nunha Galicia que ten que avanzar cara a modernidade.

Galicia non poderá ter relevancia no século XXI se Vigo non xoga o papel de liderado que lle corresponde.

Nós, as viguesas e os vigueses, dicimos coa voz máis alta e clara ca nunca, cunha voz coral, que imos seguir traballando para que se recoñeza a nosa imprescindible achega á nación de Breogán e para que a nosa cidade teña a atención que merece.

Vigo quere seguir sendo a urbe da economía, da industria, dos servizos, da innovación, do emprego con dereitos, da cultura.

Vigo quere seguir sendo unha sociedade cohesionada onde todas e todos poidamos construír unha vida digna, con dereitos.

Sen ánimo de crear polémica, quero afirmar que o tempo de Vigo é chegado.

Hai nove anos comezamos un camiño imparable que nos ten levado a construír unha cidade fermosa, unha cidade que ergue alta a súa voz e que está logrando todo o que se propón e lle concerne.

Unha cidade que está sendo capaz de que se escoiten as súas reclamacións, tantos anos esquecidas por outras administracións.

A forza da cidade, das súas cidadás e dos seus cidadáns é agora un proxecto común que ningúén pode parar. Somos, de novo, as donas e os donos do noso destino.

Nós somos as herdeiras e os herdeiros daquela veciñanza que, coas súas mans xunguidas, foi quen de converterse na primeira localidade que fixo fuxir ao invasor.

Neste 2016 somos, unha vez máis, un pobo que esixe o seu lugar e que o gaña a pulso.

Agora é o pobo quen máis ordena e xuntas e xuntos estamos a escribir as mellores páxinas da nosa historia.

Que saiba quen nos escoita que non imos parar ata conquerir seguir avanzando na construcción dunha grande área de progreso onde cada muller e cada home poida desenvolver unha vida plena, de dereitos, xustiza, igualdade e liberdade.

Aquí estamos as viguesas e os vigueses loitando, coma sempre fixemos, polas causas xustas, por ocupar o espazo que temos gañado co noso impulso, co noso traballo e esforzo, coa nosa creatividade.

Aquí estamos, orgullosas e orgullosos do noso pasado e do noso presente e debuxando o noso futuro.

Benqueridas veciñas e veciños, ese futuro chámase Vigo e as súas letras escribense coa palabra progreso para todas e para todos.

Por iso dicimos como unha soa voz: ¡Viva Vigo! ¡Vivan as súas mulleres e os seus homes! ¡Viva a valentía dunha cidade que nunca se rende e que, agora, se fai escutar! ¡Viva Vigo!

Vigo, 28 de marzo de 2016

O Alcalde

ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

**vigo como compromiso**